



ANUNCIO do 21 de agosto, da Xefatura Territorial de Lugo, polo que se fai pública a proposta dunha liña de deslindamento con propiedades particulares do monte veciñal en man común (MVMC) de Baamonde, no concello de Begonte (Lugo). Expediente 6DES/2019.

Para os efectos previstos no artigo 54 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dáselle publicidade á proposta de deslindamento do MVMC de Baamonde con propiedades particulares, presentada o 20.11.2019, e emendada o 29.6.2020, pola comunidade de Baamonde.

Con data 7.8.2020 o Servizo de Montes de Lugo emitiu un informe favorable ao considerar que non existe menoscabo da integridade do MVMC.

Contra a proposta de deslindamento, no prazo dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia, as persoas interesadas poderán presentar ante a comunidade propietaria as alegacións e os títulos que acrediten a propiedade ou a posesión dos predios afectados.

Durante este prazo, a documentación estará dispoñible no Servizo de Montes de Lugo para os efectos de coñecer integramente o contido da dita proposta. Para consultar o expediente deberá concertar cita previa no teléfono 982 889 256.

A xefa territorial
P.S.R
O xefe do Servizo de Explotacións
Pablo Iglesias López

